

EXPEDIENTE:	MODIFICACIÓN DA CONVOCATORIA DAS LISTAS DE AGARDA DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL
PROCEDEMENTO:	

Por decreto da concellería-delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local de 14 de xaneiro de 2021 apróbase a convocatoria do proceso para a elaboración dunha lista de agarda de persoal “ Técnico de Administración Xeral”, subgrupo A1.

A base 5ª das que rexen a convocatoria contempla que o segundo exercicio da fase de oposición, obrigatorio e eliminatorio, consistirá no desenvolvemento dun suposto práctico, ou na realización de tarefa/s determinadas en relación coas tarefas e función propias a desenvolver nas prazas e postos para os que se confecciona a lista. Dispónse na base, no seu apartado B), que a proba efectuarase por medios informáticos, utilizando o programa Microsoft Word 2016. Como criterio de valoración da proba recóllese, á parte doutros, que se valorará a correcta utilización do programa informático esixido para a realización da proba .

O Tribunal cualificador procedeu á valoración da primeira das probas da fase de oposición, estando pendente neste momento a convocatoria do segundo exercicio. Efectuadas diversas xestións con varias administracións públicas, existen notorias dificultades para que a proba se poida efectuar coas garantías que esixe a situación de pandemia que estamos a sufrir.

Dada a necesidade de proseguir co curso do proceso selectivo, o Concello vese na obriga de modificar, por razóns de oportunidade, o decreto que aproba a convocatoria de elaboración da lista de agarda, sen que tal modificación altere substancialmente o seu contido, pois tan só afecta ao medio polo que se vai desenvolver o segundo exercicio.

Tendo en conta as competencias sinaladas na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; os decretos de Alcaldía de 17 e 21 de xuño de 2019 polos

que se nomean as Concellarías delegadas e o acordo da Xunta de Goberno local de 24 de xuño de 2019 de delegación de competencias, RESOLVO:

Modificar a base 5ª das que rexen a convocatoria do proceso para a elaboración dunha lista de agarda de persoal “ Técnico de Administración Xeral”, subgrupo A1, no que atinxe ao seu apartado B), que queda redactado como segue:

- **“B) Segundo exercicio, obrigatorio e eliminatorio, de carácter práctico:** Accederán á realización deste exercicio as persoas aspirantes que teñan superado o primeiro,e consistirá no desenvolvemento dun suposto práctico, ou en realizar a tarefa ou tarefas determinadas polo tribunal inmediatamente antes do inicio deste exercicio relacionadas coas tarefas ou funcións propias a desenvolver nas prazas e postos para os que se confecciona a lista, e relacionadas coas materias contidas no programa establecido no Anexo II. O período de tempo para realizar este exercicio será o que estableza o tribunal en función da natureza da proba. Para este exercicio as persoas aspirantes poderán concorrer á proba con textos normativos exclusivamente, non permitíndose o manexo de textos comentados nin libros de formularios. Esta proba valorarase con 35 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación de 17,5 puntos para superala.

O criterio esencial de valoración desta proba é a correcta aplicación dos coñecementos dos/as aspirantes e da súa formación profesional á resolución dos problemas prácticos presentados. “